

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de xuño de 2022**

Ás 17.31 horas do día 16 de xuño de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamatino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste don César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular (substituído por don Miguel Antonio Cid Álvarez).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE MAIO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de maio de 2022.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 19 de maio de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- NOMEAMENTO DO XURADO PARA A XIX EDICIÓN DO PREMIO PURA E DORA VÁZQUEZ DE NARRACIÓN E ILUSTRACIÓN DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Designar como membros do xurado da XIX edición do Premio Pura e Dora Vázquez de Narración e Ilustración de Literatura Infantil e Xuvenil, ás seguintes persoas:

- Don David Canda Castro (proposto polo Grupo Popular).
- Don Antón Alonso Suárez (proposto polo Grupo Socialista).
- Don Xosé Antón Dorrió Vázquez (proposto polo grupo de Democracia Ourensana)
- Dona Isabel Mociño González (proposta polo grupo do BNG).

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN EN OURENSE DA SEGUNDA FACULTADE DE MEDICINA DE GALICIA

A **presidenta da comisión** cédelle a palabra ao deputado do Grupo Socialista, don Álvaro Vila Araújo, para a defensa da dita moción.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, explica con detalle o contido da moción do seu grupo.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, pensa que a solución aos problemas de escaseza de médicos non pasa por crear unha nova facultade de medicina en Ourense ou en calquera outro lugar de Galicia, pero xa que non é unha experta neste tema prefíre documentarse e polo tanto reserva o seu voto para o Pleno.

Don Bernardo Varela López, deputado do BNG, comparte as dúbidas de Montserrat Lama Nóvoa. Di que a prioridade debería estar en que o máster en enxeñería aeroespacial, do que se leva xa falado hai bastante tempo, e diversos máster tecnolóxicos se impartan en Ourense. En canto ao problema da sanidade di que si debería ser prioritario para todos e todas e que a sanidade pública debería ser un tema primordial para todos os gobernos no que se debería

investir prioritariamente. Di que é certo que hai unha escaseza de médicos na sanidade pública pero non porque non os haxa senón porque hai un número de prazas MIR limitadas e non todos teñen acceso a elas, e incluso hai médicos que non queren entrar na sanidade pública pois a privada ofrécelle mellores condicións, e isto é o que debería preocupar á sociedade, e cre que a solución a este problema non é ter unha facultade de medicina en Ourense, aínda que non pon en dúbida que suporía un movemento económico.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, anuncia tamén a reserva de voto para o Pleno onde explicarán a súa posición.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que non encontra relación entre as dificultades das que fala o deputado do BNG e o apoio a unha facultade de medicina en Ourense, xa que todos sabemos da dificultade de acceder á Facultade de Medicina de Santiago de Compostela, tendo en conta que é a única facultade de medicina de Galicia, cando hai outras comunidades, como por exemplo Murcia, cun millón menos de habitantes que Galicia, que ten dúas facultades de medicina. Di ademais que outras cidades de Galicia como Vigo ou A Coruña están loitando por ter esa segunda facultade de medicina e Ourense non ter porque ser menos. De todos os xeitos está de acordo co deputado do BNG que se necesitan máis prazas MIR.

Don Bernardo Varela López, deputado do BNG, considera que hai que centrarse no que se leva pedindo dende hai tempo antes de facer novas peticións. Di que ten bastantes dúbidas de que este sexa un obxectivo plausible para a provincia de Ourense e que por iso vai facer unha reserva de voto. Insiste en que hai que aumentar as prazas MIR e consolidar a esas novas xeracións de médicos no sistema público sanitario. Di tamén que é contrario a que a Deputación teña que financiar proxectos que son competencia doutras administracións, neste caso a Xunta de Galicia, cando tan necesitados de financiación están os concellos desta provincia.

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, quere sinalar que a polarización que existe entre as cidades de Vigo e A Coruña pode facer que a Consellería de Educación poida ter dificultades para optar por unha ou outra e unha terceira opción como pode ser a de Ourense é a que salga favorecida. Tamén quere sinalar que cando fala das axudas da Deputación onde

quere facer máis incapé é na patrimonial, xa que os terreos que están ao lado do CHOU son da Deputación.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para a creación en Ourense, na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), da segunda facultade de Medicina de Galicia, co fin de incrementar o número de profesionais formados na nosa Comunidade Autónoma, para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e dos próximos anos.

2º.- Instar ás institucións que forman parte do Sistema Universitario de Galicia (SUG) a evitar disputas innecesarias sobre a creación dunha segunda facultade de Medicina na nosa comunidade, optando por establecer este necesario centro na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e dos próximos anos.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a defender e participar, mediante a colaboración económica ou patrimonial de calquera natureza que sexa necesaria, a creación da segunda facultade de Medicina de Galicia na contorna do Hospital Universitario do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), co fin de incrementar o número de profesionais formados na nosa Comunidade Autónoma, para facer posible, xunto co aumento de prazas MIR, dunha mellor planificación e cobertura das necesidades de persoal actuais e futuras. Unha decisión que tamén axudaría a resolver os problemas demográficos e económicos da nosa provincia.

4º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que recentemente se publicou o peche do concurso para o fomento das actividades escénicas e musicais que ten unha aportación de

90.000 € como máximo e o seu rogo é que se incremente esa partida se pode ser para este ano e se non para anos futuros, xa que queda pequena.

Dona Begoña Álvarez Matos, de Intervención, aclara que na Comisión de Facenda do día anterior aprobouse o incremento ata 100.000 €.

Don Bernardo Varela López, deputado do BNG, solicitou no seu día que se modificara o regulamento para uso de instalacións deportivas da Deputación para que se priorizara o uso de ditas instalacións por asociacións deportivas de xente nova, especialmente en idade escolar, e quere saber como vai ese tema.

A **presidenta da comisión** di que recolle o rogo e o trasladará a quen corresponda.

E, ás 17.58 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.